

**dous continentes**

**XOVES 21 MARZO 2024**

Auditorio de Galicia, 20:30 h

**REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA**

**Jessica Cottis**, directora  
**Alejandro Oliván**, saxofón

**CONVERSANDO CON...**

Jessica Cottis  
Sala Mozart, 19.45 h

f i a n d o   h i s t o r i a s

**MIGRACIONES**

## PROGRAMA

I

### **SERGEI PROKOFIEV (1891-1953)**

Sinfonía núm. 1 en Re Maior, op. 25 'Clásica'

*Allegro*

*Larghetto*

*Gavotta*

*Finale*

### **PETER SCULTHORPE (1929-2014)**

Island Songs\*

*Song of Home*

*Lament and Yearning*

\*Estrea en España

II

### **JOSEPH HAYDN (1732-1809)**

Sinfonía núm. 104 en Re Maior  
'Londres-Salomon'

*Adagio - Allegro*

*Andante*

*Menuet: Allegro*

*Spiritoso*

---

Duración aproximada do concerto: 95 minutos (con pausa)

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxo, etc.

# REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde 2023, o seu director titular e artístico; Sebastian Zinca o seu director asistente e Joana Carneiro a principal directora convidada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

## DIRECTOR

Jessica Cottis

## SAXOFÓN

Alejandro Oliván

## VIOLÍNS I

James Dahlgren  
(concertino)  
Adriana Winkler  
(axuda de concertino)  
Anca Smeu \*\*  
Michal Ryczel  
Yulia Petrushevskaya  
Victoria Jurov  
Ildiko Oltai  
Daniel Kordubaylo  
Ilya Fisher  
Teresa Barcelona \*\*\*

## VIOLÍNS II

Grigori Nedobora \*  
Nikolay Velikov \*\*  
Enrique Roca  
Helena Sengelov  
Elina Viksne  
Samira Ajkic

Kiyoko Ohashi  
Anna Alexandrova  
Joel Doraci \*\*\*

## VIOLAS

Natalia Madison \*  
Ionela Ciobotaru \*\*  
Ignacio Marino  
Oxana Bakulina  
Anne Schlossmacher  
Timur Sadykov  
Iriana Fernández  
Josep Ruíz \*\*\*

## VIOLONCELLOS

Plamen Velev \*  
Carlos García  
Thomas Piel  
Millán Abeledo  
Manuel Lorenzo  
Emilio Ubach \*\*\*

## CONTRABAIXOS

Carlos Méndez \*  
Alfonso Morán \*\*  
Amador Del Pozo

## FRAUTAS

Laurent Blaiteau \*  
Luis Soto  
Marta Zlatkovic \*\*\*

## ÓBOES

Christina Dominik \*  
Esther Viúdez \*\*

## CLARINETES

Vicente López \*  
Bernardino Assunção (R)

## FAGOTES

Juan Carlos Otero \*  
Manuel Veiga \*\*

## TROMPAS

Jordi Ortega \*  
Alfredo Varela \*

## TROMPETAS

Ramón Llátser \*\*  
Pablo Martínez \*\*\*

## TIMBAL / PERCUSIÓN

José Vicente Faus \*

\*principal | \*\*coprincipal | \*\*\*EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

## BIOGRAFÍAS

### Jessica Cottis Directora

A directora Jessica Cottis obtivo un amplo recoñecemento pola súa programación inventiva e estimulante e o seu liderado musical inspirador. Unha talentosa comunicadora descrita como “cool, contida, súper articulada e comprometida” (The Scotsman), é unha das directoras australianas en activo máis destacadas da actualidade, moi solicitada por orquestras de todo o mundo.

Entre os recentes compromisos de Cottis destacan os realizados coa Orquestra Sinfónica de Londres, a Real Orquestra Filharmónica, a Orquestra Sinfónica da Radio Danesa, a Ópera Real Danesa, a Filharmónica de Oslo, a Orquestra Sinfónica da Radio de Praga, a Sinfónica de Singapur, a Sinfónica de Sydney, a Filharmónica de Los Ángeles, a Orquestra do Centro Nacional das Artes en Canadá, Orquestra Sinfónica Escocesa da BBC, Orquestra Sinfónica Nacional de Dublín, Orquestra Nacional de Bordeos, así como repetidas invitacións á Royal Opera House, Covent Garden e a prestixiosas galas da BBC. Gravou para os selos BBC, ABC e Decca Classics.

Durante a tempada 2023-2024, Jessica Cottis fixo un debut moi esperado con orquestras como a Opera Australia (*A Traviata*), a Filharmónica de Luxemburgo, a Orquestra Sinfónica de Melbourne e en Milán coa Orchestra i Pomeriggi Musicali, e agarda seguir colaborando coa Orquestra Sinfónica Nacional de Irlanda, a Orquestra do Centro Nacional das Artes de Ottawa, a Sinfónica da Radio Romanesa, a Orquestra Sinfónica da Radio de Praga e o Festival de Aldeburgh.

A partir de setembro de 2023, Jessica Cottis asumiu o cargo de socia artística da Västerås Sinfonietta en Suecia e continúa a súa terceira tempada como directora titular e artística da Orquestra Sinfónica de Canberra. Baixo o seu liderado visionario, esta última foi pioneira en varias iniciativas importantes e galardoadas, incluído un importante encargo, colaboracións con creadores indíxenas e defensores de compositores australianos.

Jessica Cottis domina a música dos séculos XIX ao XXI. Esta tempada está dirixindo importantes obras de Berg, Brahms, Mahler, Beethoven, Sibelius, Elgar, R. Strauss, Mendelssohn e Janáček. As súas interpretacións do gran repertorio

romántico sempre recibiron grandes eloxios: “Co temperamento absolutamente adecuado para Brahms e unha excelente técnica de dirección, Jessica Cottis coidou cada nota. Con autoridade e a claridade da luz do sol, elevou a orquestra a inmensas alturas” (Västerbottens-Kuriren).

Amplamente admirada pola súa fonda curiosidade musical e afinidade pola nova música, Cottis dirixiu recentemente producións aclamadas pola crítica como *The Handmaid's Tale* de Poul Ruder para a Royal Danish Opera e *The Death of Klinghoffer* de John Adams para Norrlandsoperan. Ademais, actuou como directora musical do novo traballo de Laura Bowler *The Blue Woman* na Royal Opera House, Covent Garden.

Cottis comeza a súa carreira musical como organista e tras ser galadoada con honras na Universidade Nacional de Australia, continuou os seus estudos en París coa organista francesa Marie-Claire Alain. Despois de que unha lesión no pulso detivese a súa carreira como intérprete, comezou estudos de dirección na Royal Academy of Music de Londres, con Colin Metters e Sir Colin

Davis. Logo actuou como directora asistente da Orquestra Sinfónica Escocesa da BBC e da Orquestra Sinfónica de Sydney, onde traballou en estreita colaboración cos seus mentores Sir Donald Runnicles, Charles Dutoit e Vladimir Ashkenazy. Aclamada como o “Rostro clásico a seguir en 2019” (*The Times*), Cottis foi honrada recentemente co título de Asociada da Real Academia de Música e Membro Visitante Distinguido na Escola de Música da Universidade Nacional de Australia.

Jessica Cottis reside en Londres e Estocolmo e, fóra da música, persegue a súa paixón polas bolboretas por todo o mundo.

## BIOGRAFÍAS

### Alejandro Oliván Saxofón

Alejandro Oliván é actualmente un dos saxofonistas máis activos no campo da música contemporánea e a experimentación sonora. Para el, a oportunidade de traballar cos compositores e formar parte do proceso creativo de nova música é un ingrediente indispensable na súa carreira. Esta paixón por formar parte do desenvolvemento da música actual levouno a realizar numerosas estreas e a traballar con novos e recoñecidos autores como Georges Aperghis, Peter Eötvös, Simon Steen Andersen, Yahir Klartag, Nadir Vassena, Alberto Arroyo, Tobias Krebs, Volker Heyn, Germán Toro Pérez, Florian Bogner, Marcelo F. Lazcano ou Bethany Younge, entre outros. Como intérprete, ofreceu concertos en EE.UU, Colombia, Canadá, Italia, Francia, España, Austria, Alemaña ou Suíza. Oliván comeza os seus estudos musicais na especialidade de saxofón no Conservatorio Profesional de Música de Huesca co profesor David Ruiz.

Entre 2010 e 2014 estuda no Conservatorio Superior de Música de Castilla y León baixo a

tutela de Andrés Gomis. En 2014, ingresa na Hochschule für Musik Basel co prestixioso intérprete e docente Marcus Weiss para realizar un mestrado en Performance e posteriormente un mestrado en Pedagogía Musical. Durante a súa traxectoria musical foi galardoado en numerosas ocasións en concursos nacionais e internacionais. Entre os seus logros podemos destacar o primeiro premio no concurso Basler Orchester Gesellschaft en Basel, o segundo premio no concurso Kiefer Hablitzel (Suíza) o segundo premio no primeiro concurso internacional de saxofón Exigentia de Italia ou o segundo premio no Concours du Xura (Suíza). Recibiu á súa vez bolsas de estudos de distintas fundacións como Lyra Stiftung, Förberg-Schneider Stiftung, Doms Stiftung ou Melinda Esterhazy Stiftung.

Alejandro colaborou con importantes grupos e orquestras como a Orquestra de Cámara Basel, Orquestra de la Comunidad de Madrid, Orquestra da Academia do Festival de Lucerna, Ensemble Collegium Novum Zúric, Ensemble Aventure Freiburg, Ensemble Lemniscate, Ensemble Zone Expérimentale, Orquestra da cidade de Darmstadt,

Ensemble Klangforum Heidelberg, Orquestra Nova de Suíza ou o cuarteto de saxofóns Sigma Project. Á súa vez, colaborou con algúns dos máis prestixiosos directores de orquestra do momento incluíndo Simon Rattle, Peter Eötvös, Emilio Pomárico ou Matthias Pintscher. Foi convidado como intérprete a festivais como Darmstädter Ferienkurse, Zeit Räume Basel, Tage Neuer Musik Weimar, Festival Impuls en Graz, Festival Rümlingen, Outear Series en Experimental Sound Studio en Chicago, Null Point Series en Buffalo, Rainy days de Luxemburgo ou Early Night Concerts en Lugano.

Como gran apaixonado da pedagogía musical impartiu clases en diversos conservatorios e universidades como a Manhattan School of Music de Nova York, Longy School of Music Boston, Conservatorio Superior de Granada, Universidad Alfonso X el Sabio, Conservatorio Superior de Música de Albacete, Universidades de Medellín e Cali ou Conservatorio Superior de Castilla y León.

Do seu interese pola música de nova creación, é compoñente do Duo Signal, Fx Kollektiv e Gyre

Ensemble o que lle permite colaborar con novos compositores de distintas partes do mundo desenvolvendo un novo repertorio para estas formacións. Actualmente é profesor asistente de saxofón na Hochschule für Musik Basel na clase do profesor Marcus Weiss.

## NOTAS AO PROGRAMA

*Dous continentes* é o título deste novo concerto da temporada *Migracións* da Real Filharmonía de Galicia no que teremos ocasión de escoitar música procedente de Europa (Prokofiev e Haydn) e Oceanía (Sculthorpe).

Abre o programa a célebre *Sinfonía núm. 1 en Re M* 'Clásica' op. 25 de Sergei Prokofiev (1891-1953). Este autor tivo diversas consideracións ao longo da súa vida en función do momento e de quen emitía a opinión. Aos catorce anos ingresou no Conservatorio de San Petersburgo, onde estudou piano, harmonía, dirección de orquestra, composición e orquestración, esta última especialidade da man de Korsakov, a quen vía como un autor conservador. Algunhas das súas primeiras obras foron tachadas de “ultramodernas” polos críticos máis retrógrados do seu país. En 1918 abandonou Rusia debido á inestabilidade política derivada da Revolución Bolxevique do ano anterior e durante quince anos viviu en diversos países como Estados Unidos, Francia e Alemaña onde o seu estilo se volveu máis aberto e atrevido no campo harmónico. Deste período son obras como as óperas *O amor das tres laranxas* e *O anxo de lume*; os ballets encargados por Diaghilev *Chout*, *Pasos de aceiro* ou *O fillo pródigo*; as sinfonías 2, 3 e 4; e os tres últimos concertos para piano. A partir de 1927 retomou os contactos coa Unión Soviética e realizou algunhas visitas, establecéndose de novo alí en 1936, no momento

máis duro das purgas. A partir de 1938 Stalin impediu a súa saída do país e converteuse en compositor oficial ás ordes do réxime. Foi entón cando se viu obrigado a compoñer dentro do chamado Realismo Socialista, estilo conservador e popular cunha linguaxe plenamente tonal e con recorrencias frecuentes ao folclore que quedará plasmado en traballos como os ballets *Romeo e Xulieta* ou *Cincenta*, a *Sinfonía núm. 5* e a *Sinfonía Concertante para violonchelo*. Prokofiev pasará o resto da súa vida facendo equilibrios entre a aceptación oficial e as súas inclinacións artísticas, non obstante e a pesar dos seus esforzos, sufriu duros ataques por parte do réxime ao igual que outros compositores como Shostakovich ou Kachaturian. De feito, en 1948 emitiuse un decreto que declaraba toda a súa música allea ao pobo ruso, sendo censurada a partir de 1958, cinco anos despois da súa morte, que curiosamente tivo lugar un día antes que a de Stalin, o 5 de marzo de 1953. A obra que hoxe escoitaremos, a *Sinfonía Clásica*, foi composta en 1917 e estreada ao ano seguinte, e polo tanto pertence á súa primeira etapa, antes de marchar de Rusia. Prokofiev referíase así á idea xeral desta sinfonía: “É un Haydn que sobreviviu ata os nosos días e conserva o seu propio estilo ao tempo que acepta algunhas cousas do novo”. Estamos ante unha das primeiras obras neoclásicas do s. XX, estilo que consistiu nunha mirada cara ao pasado, rexeitando o romanticismo e o sentimentalismo



decimonónico, para poñer en valor a forma, a sinxeleza e a claridade. Seguindo estas pautas, a sinfonía está escrita para unha orquestra típica de finais do s. XVIII, presenta unha gran claridade tonal (Re M), catro movementos que responden a prototipos formais propios do Clasicismo e un carácter e estruturación dos temas propios tamén dese estilo. Porén, a súa orixinalidade reside en que todos estes trazos son deformados satiricamente por elementos novidosos no campo harmónico e rítmico. O primeiro movemento, *Allegro*, responde a unha forma sonata canónica con exposición -na que escoitamos dous temas de carácter alegre-, desenvolvemento, recapitulación dos dous temas e coda. A continuación, *Larghetto*, no que un tema principal presentado polos violíns no rexistro agudo, alterna cun segundo motivo de acordes en *staccatto*, conformando unha especie de rondó simple. De seguido, o movemento máis coñecido, *Gavotta (non troppo allegro)*. Foi composto antes da sinfonía, en 1916 e Prokofiev volveu a utilizalo, un pouco variado, en *Romeo e Xulieta*. Presenta unha estrutura ABA, coa parte central confiada á madeira, mentres nas seccións externas destacan as cordas. O último movemento, *Finale (Vivace)*, ten un carácter semellante ao *Allegro* inicial. O primeiro tema (A) é interpretado polas cordas, o segundo (B) polas madeiras, sendo o terceiro (C) o máis destacado melodicamente primeiro nas frautas e despois nos violíns.

Logo dun pequeno desenvolvemento, aparece unha recapitulación dos tres temas escoitados anteriormente.

Dende as antípodas chéganos *Islands Songs* de Peter Sculthorpe (1929-2014), figura central da música clásica australiana do s.XX, cuxo catálogo rico e variado é bastante tocado e gravado en todo o mundo nos nosos días. Ao longo da súa traxectoria recibiu numerosos premios e ademais do seu labor como compositor impartiu docencia en distintas universidades: Sydney, Yale (EE.UU.) ou Sussex University (Reino Unido). Foi un autor moi comprometido coas causas sociais e políticas, que se plasmaron en obras como *Earth Cry* (1986), na que se aborda a necesidade de protección do medio ambiente, ou *Requiem* (2003), homenaxe ás mulleres e nenos vítimas da guerra de Irak. Moitos dos seus traballos beben de influencias doutras culturas como a xaponesa, indonesia ou a aborixe australiana. *Islands Songs* para saxofón solista e orquestra, foi composta en 2012 e estreada o 8 de agosto dese mesmo ano no marco do Presteigne Festival con Amy Dickson ao saxofón. A obra está dividida en dous movementos, *Song of home* (Canción do fogar) e *Lament and Yearning* (Lamento e anhelo), e baséase en tres melodías tradicionais do extremo norte de Australia. O primeiro movemento pretende ser un canto de amor que os habitantes indíxenas fan á súa illa natal, onde eles e os seus antepasados naceron e que se atopa en

## NOTAS AO PROGRAMA

perigo por mor do cambio climático. Nel escoitamos dúas das melodías anteriormente referidas: a primeira, unha canción popular bastante esquecida e orixinaria de Thursday Island que durante a Segunda Guerra Mundial serviu de consolo aos seus habitantes ante o perigo de invasión; a segunda, un canto chamado *Djillile* procedente da costa continental veciña e que significa literalmente “parrulo que asubía nun regato”. O segundo movemento, é un lamento ante a posibilidade de que as illas poidan desaparecer para sempre pola subida do nivel do mar. Primeiramente, soa a terceira das melodías que serve de base a esta composición, un canto propio da Illa de Elcho que un ancián dunha tribo local transmitiu a Sculthorpe. Ao final retómase a melodía de Thursday Island que escoitabamos no primeiro movemento como un canto de esperanza e desexo de que un mundo máis estable é posible se todos temos vontade de deter os peores efectos do cambio climático.

De volta en Europa, escoitaremos a última sinfonía composta por F. J. Haydn (1732-1809), a número 104 subtitulada 'Londres'. O autor clásico é un dos grandes referentes dentro do campo da sinfonía e o cuarteto de corda, xéneros que alcanzaron con el importantes cotas de madurez. A admiración que hoxe en día segue a suscitar Haydn xa era tal nos seus tempos. Sirvan de exemplo as palabras de Charles Burney, un dos primeiros

historiadores da música, en 1791: “Haydn! Gran soberano da arte melodiosa. As túas obras soas subministran un amplo mapa de todas as montañas, mares e chairas fértiles dentro do alcance dos seus vastos dominios. Existe un artista no momento presente que non fora ensinado por ti a pensar e a tocar?”. Así mesmo, a súa biografía é un bo espello para coñecer as circunstancias vitais dos músicos daquela época. A maior parte da súa vida traballou para a corte de Esterházy, a máis importante familia húngara nobre daquel momento, o que lle proporcionou estabilidade económica e a posibilidade de experimentar e escoitar boas interpretacións das súas obras coa orquestra que tiña ao seu haber. Despois da morte do seu patrón Nicolás, o seu fillo dissolveu a orquestra da corte e deulle a Haydn unha pensión vitalicia, así que o compositor comezou a gozar dunha maior liberdade. É nese contexto no que enmarcamos a *Sinfonía núm. 104* que forma parte das doce coñecidas como ‘Sinfonías Londinienses’, posto que foron compostas por impulso do empresario e violinista Johan Peter Salomon para ser dadas a coñecer na capital inglesa, onde Haydn realizou dúas estancias en 1791 e 1795. Todas elas caracterízanse por concepcións harmónicas máis atrevidas, a ampliación dos instrumentos da orquestra, un uso máis independente das madeiras e os contrabaixos, a presenza de solos nas cordas ou invencións temáticas memorables. Haydn

sempre intentou contentar a mecenas, intérpretes e público nun estilo no que empregou convencionalismos e formalismos aos que se suman sorpresas e toques de humor que xogan coas expectativas do oínte. A *Sinfonía 'Londres'* foi composta en 1794 e dada a coñecer o 13 de abril de 1795 cun afectuoso recibimento no marco dos concertos públicos chamados *Opera Concerts* que se celebraban no King's Theater. Haydn recollía nun dos seus cadernos ao respecto do evento: "A sala encheuse dun público selecto. Toda a compañía estaba encantada e eu tamén. Esta noite recibín 4000 gulden. Só en Inglaterra se pode facer tanto como isto". O primeiro movemento dá comezo cunha introdución lenta, trazo típico deste autor, no que se mesturan dous motivos: un maxestoso e solemne que escoitamos en unísono na orquestra, e un lamento, que é interpretado polos violíns. Tras este fragmento dá comezo o *Allegro*, con estrutura de sonata e as tres partes correspondentes: exposición, desenvolvemento e recapitulación. A sorpresa neste caso é que tanto na exposición como na recapitulación atopamos como segundo tema a repetición do primeiro, e non un novo como cabería esperar. O segundo movemento conta cunha forma ternaria reexpositiva, é dicir ABA. Na primeira parte, destacan as melodías nos violíns primeiros e o carácter alegre e inocente; na segunda, predominan as pasaxes camerísticas nos ventos e o seu carácter, pola modulación

a Sol menor, transmítenos a idea de drama ou conflito que desaparece coa volta de novo da primeira sección, esta vez un pouco variada. O terceiro é un *Minuet*, como é habitual na sinfonía, pero neste caso lonxe de ser unha danza elegante e de palacio, trasládanos a un universo máis popular. Segue o seguinte esquema: *Minueto-Trío-Minueto*, tendo cada unha das seccións un tema principal, un pequeno desenvolvemento e a volta dese tema principal. O cuarto movemento, *Finale*, volve a presentar de novo unha estrutura de sonata, coas tres partes habituais: exposición, desenvolvemento e recapitulación. O máis destacado neste caso é que se emprega como tema A unha canción croata *Oj jelena jelena* acompañada dun bordón en trompas e violonchelos que parece recordar a unha gaita ou zanfona, nunha clara evocación do mundo da música popular (vemos aquí certo paralelismo entre esta obra e a de Sculthorpe). Na recapitulación Haydn xoga cas nosas expectativas retrasando a chegada do segundo tema.

Un programa cosmopolita e á vez local, clásico e popular, moderno e clásico que nos invita a reflexionar sobre as difusas fronteiras que existen moitas veces entre categorías aparentemente antagónicas.

**Carme Tubío Barreira**

---

## AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo das Nacións, s/n  
15705 Santiago de Compostela

## DESPACHO DE BILLETES

AUDITORIO 981 571 026 | 981 573 979

ZONA C 981 542 462

## OFICINAS

981 552 290 | 981 574 152

---

**rfgalicia.org**

**compostelacultura.gal**

---

## INSTAGRAM

@realfilharmoniadegalicia

@compostelacultura

## FACEBOOK

RealFilharmoniadeGalicia

CompostelaCultura

## TWITTER

@rfgalicia

@CCultura

---

# PRÓXIMO CONCERTO

## devoción wagneriana

**XOVES 4 ABRIL**

Auditorio de Galicia, 20:30 h

**Dima Slobodeniouk**, director

· Anton Bruckner: Sinfonía núm. 3 en re menor